

XELA ARIAS, O MUNDO ESCRÍBESE CON X



Canda as flores, na primavera tamén agroman as letras. Ben mesturadas forman poemas e contos maravillosos como os que escribiu a protagonista do Día das Letras Galegas 2021. Pero se hai unha letra que nos abre as portas ao seu universo esa é o **X**, tan grande como o que dá inicio ao seu nome: Xela. Animádevos a descubrir o seu mundo? Preparádevos, activamos os raios X para facer unha radiografía da vida de Xela Arias!

A protagonista desta Primavera das Letras non só foi escritora, tamén traduciu ao galego unha morea de novelas e contos escritos noutros idiomas para que gocemos deles na nosa lingua, entre outras moitas cousas que fan dela unha persoa que nos produce moita admiración.

Mais toda historia comeza polo principio. E a de Xela arrinca o 4 de marzo de 1962, o día en que naceu en Sarria, no mesmo lugar do que eran os seus pais, Valentín Arias e Amparo Castaño. O seu carné de identidade dicía que se chamaba María de los Ángeles, aínda que na casa sempre lle chamaron Xela.

Ata os tres anos viviu na Granxa Escola de Barreiros, onde o seu pai era mestre. Imaxinades o que é poder pasar o día entre vacas, pitos, ovellas ou cabalos? Vivir alí tiña outra gran vantaxe: a casa dos avós estaba moi preto e podía ir velos decote.




ACTIVIDADE

Se completades cada un dos ocos correctamente, descubriredes o nome de catro animais que podedes atopar por toda Galicia... pero non nun centro comercial!



Este paxaro ten o peteiro de cor laranxa: M _ _ _ _

É parente dos cans, pero ten unha cola longa e espesa: R _ _ _ _



É a raíña dos nosos ríos e ten pintas de cores: T _ _ _ _

A este anfibio gústalle moito agacharse entre as pedras: P _ _ _ _




A familia mudouse a Lugo cando Xela Arias tiña tres anos. Alí comezou a ir á escola no Colexio Fingoi, moi moderno para a época: prohibía os castigos físicos e dáballe moita importancia á nosa cultura, igual ca na súa casa. O seu pai era tradutor e ensaísta e, máis adiante, tamén traballaría para a Editorial Galaxia.

*Miña nai ten amigos
poetas e novelistas. Andei
fixándome neles para
atopar o que tiñan de
especial. (...) Aquí na miña
casa os andeis rozan o teito
do cuarto, e non teñen máis
ca libros. Mercáronos meus
pais, e neles lemos toda a
familia.*

Non te amola! (2021) Xela Arias



De seguro que estas vivencias foron decisivas para que de adulta se convertese en editora e escritora. As primeiras prácticas fíxoas moi nova! Sabiades que con só seis anos ilustrou canda seu irmán Xoán Carlos (que tiña catro) a portada do libro *Os soños na gaiola*?



Os soños na gaiola considérase o primeiro libro de poesía infantil en galego. Publicouse en 1968 e o seu autor é o poeta Manuel María, protagonista do Día das Letras Galegas 2016 e da [primeira Primavera das letras](#).

O último destino familiar sería Vigo. Xela Arias medrou feliz a partir dos sete anos nesta cidade que tampouco deixaba de crecer. A súa infancia foi a dunha nena de barrio da época. Pola mañá ía ao colexio de Sárdoma –onde traballaba o seu pai– e pola tarde xogaba cos veciños e veciñas. “A porta da casa estaba sempre aberta, Xela e os irmáns viñan buscar a merenda e volvían baixar. Todos os nenos e nenas do barrio xogaban nun terreo que estaba a carón do noso edificio”, lembra a súa nai.



Vigo é a cidade máis poboada de Galicia. Observa este gráfico: cando Xela chegou a ela contaba con 197.000 habitantes, hoxe achégase aos 300.000!

ano 2020----297.000

ano 1969----197.000



Dende mediados do século XX moitas familias deixaron o rural para iren vivir a núcleos urbanos onde había máis oportunidades de traballo. Os vosos avós, as vosas avoas naceron no mesmo lugar no que viven agora? Falade con eles e elas e que vos conten como era o sitio do que procedían.



Nas fins de semana e nas vacacións Xela e a súa familia volven a miúdo a Sarria e, para descubrir novas paisaxes, cada vez van por estradas diferentes. Tamén viaxan a outros moitos lugares. Nestas excursións percorren Galicia e Portugal facendo campismo. Praias, montañas, bosques, cidades e aldeas son os escenarios por onde discorren as súas aventuras. E para durmir nada mellor ca unha tenda de campaña e por riba un teito de estrelas. Non vos dá un pouco de envexa?

ACTIVIDADE

A ver se sodes quen de poñer neste mapa de Galicia e Portugal os seguintes lugares. Se o precisades, axudádevos dun atlas!

LISBOA

SARRIA

VIGO

PORTO

O ALGARVE



A Xela tamén lle fascina crear novos mundos. Andar sempre cun lapis e un caderno onde lles dá forma ás súas propias historias. Con só once anos, no ano 1973, gaña o concurso de contos infantís da agrupación cultural O Facho co relato *A fraga dos paxaros faladores e a fraga leoparcia*. De que trataba aquel primeiro conto? Así o explicaba Xela nunha entrevista que lle fixeron no xornal *Faro de Vigo*:

Trata dun soño que tiña eu. Ía de viaxe moi alegre e atopábame cunha selva de paxaros; conducía o meu coche e os paxaros insultábanme; marchei de alí. E como me desaparecera o coche, entrei na selva dos leopardos e non sabían dicirme onde buscar o meu coche. Cando o atopei, ao ir tocalo, resulta que era de nata. Entón os leopardos conducíronme ao país dos magos e o coche volveuse outra vez de verdade.

ACTIVIDADE

E vós tamén soñades con coches de nata? Ben seguro que polas noites pasan polo voso maxín cousas moi sorprendentes. Apreixádeas con lapis e papel: imos facer un relato.





Ademais de explicar como nacera aquel conto, aquela rapaza defendía con afouteza o uso do noso idioma: "Eu creo que en Galicia se debía falar sempre en galego". Igual de claro tiña que de maior quería ser mestra de educación infantil. Sabedes por que?

Gústanme moito os nenos pequenos, ensinalles a xogar e esas cousas: non letras nin números, que iso xa o aprenderán cando pasen a primeiro.

Pois claro que tiña razón Xela: xogar é unha cousa moi divertida, pero tamén moi seria. Imos á sala de raios X para descubrir por que.

En 1989, os países do mundo que conforman a Asemblea Xeral das Nacións Unidas aprobaron a Convención sobre os Dereitos dos Nenos e das Nenas. Sabedes o que di o artigo número 31 dese tratado internacional? Pois que xogar é un dereito fundamental na infancia. Xa vedes que hai cousas moi divertidas e que á mesma vez son ben serias.



Agora que coñeces un pouco a Xela Arias, non vos estrañará saber que quixo escoller o instituto no que seguiu a estudar. Foi o IES do Calvario, un dos poucos institutos mixtos naquela altura. Se mulleres e homes son iguais, que razón hai para que non medren e se eduquen xuntos?



Aínda que nos poida parecer increíble, en 1976 a maioría dos centros educativos separaban rapaces e rapazas en aulas diferentes.

Os libros, tan importantes na vida de Xela, volveron cruzarse no seu camiño. En 1979 naceu unha nova editorial: Edicións Xerais de Galicia. Os seus creadores quixeron contar con ela no seu equipo. Aquela moza nova coñecía dende pequena o mundo da literatura galega e mergullouse de cheo nesa fábrica de libros e soños. Na editorial traballou primeiro de oficinista e logo de correctora, tradutora e editora. A súa paixón pola literatura e a súa capacidade axudaron a converter Xerais nunha das editoriais máis importantes de Galicia.



Xela tamén sabía gozar das súas moitas afeccións: percorrer en moto a cidade, escoitar música, facer submarinismo, explorar o mundo e... escribir, sempre escribir!



un azul turquesa
un alaranxado
a verdade
do poema.


Revista Treboada
(Centro Galego de Barcelona), 1984.

A poesía é o seu xeito de explicar como ve o mundo. Publica en revistas literarias, participa en recitais e incluso, aínda que non chegou a dirixir unha orquestra, tal como soñaba de nena, escribe cancións para grupos de rock. Tamén é unha muller comprometida que defende causas xustas (o feminismo, o ecoloxismo, o pacifismo...) e que apoia proxectos a prol da cultura galega.

En 1986 publica con Xerais o seu primeiro libro de poemas, *Denuncia do equilibrio*, cunha cuberta deseñada polo pintor e amigo Xosé Guillermo. Catro anos despois chega *Tigres coma cabalos*, outro exemplo do moito que lle importaba a Xela Arias xuntar a poesía con outras artes. Neste segundo poemario os seus versos dialogan coas fotos de Xulio Gil, con quen estivo casada dez anos.

En 1991 dálle un novo xiro á súa vida e deixa a editorial para estudar Filoloxía na Universidade de Vigo. Pero non é capaz de a abandonar de todo e segue a colaborar para facer realidade libros fermosos.

Sala de raios X:
Filo... que?
A Filoloxía é unha ciencia
que estuda a lingua e a literatura.



En 1994 Xela convértese en mamá dun bebé que se chama Darío. Está tan feliz que unha amiga, Malós Cabrera, anímaa a converter en poemas esas emocións todas. O resultado é o libro *Darío a diario* (1996).

*Busco o modo de te acompañar sen estorbo,
que sexas ao meu carón feliz e creador
de ti,
de ti e mailo mundo que apañes.*



Nesta mesma época Xela Arias pasou a chamarse así, "Xela", como a coñecemos, tamén no seu DNI. Pero conseguilo non foi doado, tivo que recorrer á xustiza. Sabedes por que?

ACTIVIDADE

Entre 1939 e 1975, en España houbo unha ditadura. Entre moitas outras cousas, estaba prohibido poñerlles nomes galegos aos nenos e ás nenas. Por iso Xela Arias foi primeiro oficialmente María de los Ángeles. Afortunadamente, hoxe en día podemos elixir libremente como lle chamar a un bebé e tamén podemos galeguizar os nosos nomes. Por certo, sabedes o que significan os vosos? Coñecedes a forma galega?

Unha ditadura é unha forma de goberno que viola os dereitos e liberdades das persoas. É o contrario da democracia e impide que o pobo poida escoller quen o goberna.

Tras rematar a carreira en 1996, farase realidade outro soño de Xela Arias: ser profesora, pero non de pequechos e pequechas como pensaba cando ela era tamén nena, senón de rapazas e rapaces de instituto, aos que lles transmite a súa paixón polo mundo da lingua e da literatura.

O comezo do novo milenio estivo marcado por dúas grandes catástrofes. A primeira foi a do afundimento, en novembro de 2002, do *Prestige* fronte á costa galega. O petroleiro verteu milleiros de toneladas de fuel ao mar e provocou unha gran traxedia ambiental. Uns meses despois, en marzo de 2003 comezou a guerra de Iraq, un país de Oriente Medio. Canda moitas outras persoas, Xela saíu á rúa para defender a ecoloxía e a paz. Fíxoo coa súa mellor arma: a palabra.



En xuño dese mesmo ano saíu do prelo o último poemario de Xela Arias, *Intempériome*. Pouco despois a historia da nosa poeta, tradutora e editora remataba moito antes do que quixeramos: o 1 de novembro de 2003 finou inesperadamente por mor dun ataque ao corazón. Tiña só 41 anos. Pero deixounos no mar da nosa literatura un ronsel que perdura: o dunha autora que fixo camiñar as nosas letras por espazos novos, que demostrou que se pode escribir o mundo cun X maiúsculo.

Vas poñer
as pedras sobre as pedras e sobre as pedras
un nome amado.
Tigres coma cabalos, 1990

Podedes aprender máis da vida
e da obra de Xela Arias entrando en
www.primaveradasletras.gal.
Agardámoste!



REAL
ACADEMIA
GALEGA

